

CONVOCATORIA "JUAN DE LA CIERVA – FORMACIÓN" 2016

PROCEDEMENTO PARA A SOLICITUDE DE CONTRATOS PARA A REALIZACIÓN DO PERÍODO DE FORMACIÓN NA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Ministerio de Economía e Competitividade fixo pública a convocatoria para financiar a contratación de novo persoal doutor por un período de dous anos a través do *Programa Juan de la Cierva-formación* (Resolución de 21 de novembro de 2016, BOE de 29 de novembro).

Estas axudas teñen o obxecto de que os/as candidatos/as completen a súa formación investigadora posdoutoral en centros de I+D españois distintos a aqueles nos que realizaron a súa formación predoutoral.

Trátase dunha convocatoria que require un cofinanciamento da universidade que se concreta como mínimo nunha achega aproximada para cada contrato de entre 4.000 e 5.000€ anualmente. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria manifestou a súa disposición a achegar este cofinanciamento, como xa fixo na convocatoria 2015.

Previamente á presentación da solicitude, as persoas interesadas en presentarse a esta convocatoria deberán facérselo saber antes do 24 de xaneiro de 2017 ás 14 h enviando un e-mail a vicinv@uvigo.es no que se indiquen os seguintes datos:

- ***nome do candidato/a***
- ***nome do investigador/a tutor/a***
- ***grupo de investigación, departamento e centro ao que se incorporará o candidato/a no caso de acadar a axuda***
- ***área científica na que se desenvolverá a actividade investigadora proposta, das indicadas no anexo da convocatoria***

Recórdase que, segundo os termos da convocatoria:

- O/A mesmo/a investigador/a unicamente poderá ser incluído/a como candidato/a na solicitude dun Centro de I+D
- Un/ha investigador/a tutor/a só pode figurar como tal nunha solicitude. Enténdese por investigador/a tutor/a aquel/a que será o/a responsable directo/a da tutela e orientación do desenvolvemento profesional do/a candidato/a.

Non hai limitación a que varios/as investigadores/as tutores/as pertencen ao mesmo grupo de investigación.


O/A investigador/a candidato/a cumprimentará, **antes das 15 h do 26 de xaneiro de 2017**, o formulario electrónico de solicitude, dispoñible na sede electrónica do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade. Unha vez finalizada a cumprimentación, o/a investigador/a validará e enviará telematicamente o formulario. ***Seguidamente, asinará coa sinatura electrónica ou en papel os documentos que xenere automaticamente a aplicación e os entregará na Vicerreitoría de Investigación e Transferencia antes do 31 de xaneiro de 2017 ás 14 h.***

Vigo, 19 de decembro de 2016

A Vicerreitora de Investigación e Transferencia



M^a Asunción Longo González



AO PERSOAL INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO